





Cando pensamos no futuro imaxinamos que nel a sociedade será máis intelixente, terá coñecemento extenso de tódalas áreas e respostas ás preguntas que hoxe nos axexan. Experimentos perigosos ou colonizacións de lugares “pouco desenvoltos” xustifícanse diariamente coa máxima de acumular saber. Avances como agora internet, e antes a radio ou a imprenta preséntansenos como indispensables para ser parte desta revolución cognitiva.

Mais esta utopía leva séculos sen materializarse, a pesar de todo este saber amasado pola humanidade e todos estes medios de comunicación, semella que temos cidadáns menos conectados coa realidade, a miúdo preocupados por *posverdades* e en xeral dóciles ante inxustizas cotiás. Tendo en conta que a propia democracia se sustenta na capacidade dos votantes para tomar boas decisións, e estas só poden vir da man dunha información veraz e completa, semella indispensable buscar que nos leva a esta situación.

Se saímos á rúa dunha gran cidade, veremos como gran parte do noso espazo de visión está ocupado por grandes e rechamantes carteis con todo tipo de información publicitaria. Mesmo nas fontes de información que consultamos para nos poñer ao día resulta tarefa imposible ignorar todos estes reclamos introducidos entre o texto. Tan ubicua é a publicidade, que se nos esquece que nos está a



José Manuel Ventoso Picos



Contacto

Mastodon	@admin@amarinha.gal
Wikipedia	jsmtux

transmitir información que a cotío damos por certa. Quen busque maneiras de lidar con problemas de autoestima, por poñer un exemplo, vai de seguro ver múltiples maneiras de mellorar a súa aparencia externa. Ou quen busque unha dieta saudable, recibirá antes maneiras de adelgazar ou produtos procesados que receitas sinxelas para comer mellor.

Obviemos que os medios de comunicación escriben o que ditan os poderosos.

Nesta edición exploramos alternativas, oasis de información veraz, completa, gratuíta e libre tanto de publicidade como de ser compartida e mellorada. Medios e recursos que carecen da popularidade merecida por non ter financiamento para darse a coñecer, por non vir instalados por defecto en tódolos móbiles e mesmo porque, ao ser neutrais, cada vez sofren mais ataques por todo aquel acostumado a manipular a golpe de talonario.

Ademáis da nosa conta en amarinha.gal, a través da que nos podedes contactar, incluímos neste fanzine o noso usuario na wikipedia. Excepto no caso de Antonio, as nosas contribucións son nulas, feito que trataremos de subsanar axudados da información compartida na xuntanza.

Presentamos un novo artigo de Lucía Ferro sobre o poder da información, as razóns polas que os internautas estamos inundados de información adulterada e que medidas podemos tomar para retomar o noso coñecemento.

O último artigo é de Antonio Gregorio, agremon na Wikipedia, quen lle deu nome á súa versión en galego, Galipedia. Falaranos deste proxecto e doutros asociados que, anque menos coñecidos, son igual de útiles.

Para rematar, e a modo de demostración do poder do coñecemento libre, copiei os contidos exactos da entrada de “fanzine” na Galipedia. Esta é unha característica do coñecemento libre, a licenza que nos da para copialo por completo e distribuílo. Porque, de que serve o coñecemento se non se pode compartir?

O privilexio do coñecemento ofrécenos a posibilidade de existir

🌐 187 linguas ▾

Artigo [Conversa](#)

Ler [Editar](#) [Editar a fonte](#) [Ver o historial](#) [Ferramentas](#) ▾

A información é poder. O seu control e a súa manipulación son as ferramentas coas que se manexa ese poder. As plataformas pertencentes ao grupo Wikimedia ou similares, como son as bibliotecas públicas virtuais ou os arquivos dixitais de acceso libre constitúen a emancipación dese poder.

Nos noventa, daquela que saíra a Encarta (a primeira enciclopedia electrónica que eu lembro) aínda se valoraba o feito de ter ese conxunto físico de libros, que amontoados en estantes poeirentos conformaban o bote salvavidas daqueles naufragios cognitivos aos que nos enfrontabamos. O intercambio e préstamo de cadernos, fotocopias e libretos facilitaba a fluxo de información e multiplicaba exponencialmente o seu beneficio para a sociedade.

Na actualidade acostumamos a dicir que todos temos acceso a calquera tipo de información, mais debemos ser conscientes que non é así. Do mesmo xeito que antes precisabamos inverter nunha boa enciclopedia agora vemos como cada vez é máis frecuente iso de financiar un medio de comunicación independente ou pagar por unha subscrición que nos permita dispoñer das últimas novas no mundo académico. As revistas de publicación científica son a miúdo privadas o que lle dificulta ao estudantado a súa tarefa de aprendizaxe e aos investigadores públicos as súas pescudas. Por fortuna, quedan recunchos coidados e mimados polo voluntarismo da xente que nos facilitan este acceso. Así e todo, o que non se coida, pérdese.

A importancia da libre información recae en boa medida sobre a necesidade dun escrutinio do coñecemento acumulado. Amontoar datos, elaborar análises ou realizar investigacións non serve de nada se estas non son revisadas por outras persoas con perspectivas diferentes. É o contrastado de



Lucía Fernández Rodríguez



Contacto

Mastodon	@lucia_ferro@amarinha.gal
Wikipedia	gearu

información o que nos permite afianzar o coñecemento e por tanto esta debe ser libre para que calquera cidadán curioso a poida poñer en dúbida se as evidencias non a sosteñen. Non abonda co principio de autoridade, posto que a experiencia humana fainos entender que o erro é algo moi noso. Recoñecelo, tamén debería selo posto que son as lousas que forman o noso camiño.

E falando de lousas, podemos falar das primeiras lousas sobre as que o ser humano escribía. Grazas á súa existencia, e a que perduraron, conseguimos facernos unha idea de como eramos ao comezo da nosa historia. A documentación que se conserva tanto é información como soberanía para o pobo. Invento nestas liñas o concepto de soberanía documental para ilustrar a relevancia de acharse nos rexistros da nosa historia. Non se trata só de poder acceder á información e así fortalecer o noso poder como individuos ou colectivos, senón que tamén se trata de existir como parte desta sociedade dentro da documentación que perdura no tempo. Entrado o século XXI estamos a ver como se volve a borrar da historia ás mulleres e a aquelas persoas que experimenten a sexualidade ou o xénero fóra da normatividade. Esta acción executada por mans megalómanas pon de manifesto a importancia de deixar escrito en pedra a realidade tal e como nós a percibimos.

E para non deternos no simple conservadorismo, podemos continuar construíndo as páxinas dunha biblioteca universal cun traballo colaborativo abordado dende moitos puntos de vista, e accións. Podemos aportar economicamente, se cadra, este é o xeito máis sinxelo para aqueles que desexan ofrecer algún tipo de retribución aos que se esforzan por proporcionar coñecemento libremente. Outra opción máis barata pero máis traballosa é a contribución activa coa redacción de contido ou a recollida de datos. Este é unha actividade indispensable no caso de recunchos pouco coñecidos e explorados. Temáticas que non acostuman a ser discutidas nos medios populares, ou historias que só son coñecidas polos poucos habitantes que fican nun lugar, polas vellas mentes que aínda viven e que non tiveron a posibilidade de escribir. Non é preciso que aquilo que se recolle sexa unha gran historia, tampouco que sexan datos curiosos en si mesmo, pois o simple feito de engrosar ese almacén virtual e comunitario de información pode repercutir na futura capacidade de investigación das xeracións que están por vir. Do mesmo xeito que agora escavamos para atopar cuncas celtas ou xarros romanos, dentro duns centos de anos, incluso antes, será prominente a rama da arqueoloxía dixital, polo que abonda con simplemente deixar pegada do que agora sabemos e por enriba de todo, do que agora somos.

Temos en común o coñecemento da Wikipedia. A Galipedia e o mundo

74 linguas

Artigo Conversa

Ler Editar Editar a fonte Ver o historial Ferramentas

Se te achegas algo por internet, de seguro te terás metido algunha vez na Wikipedia. Por exemplo, na Galipedia, a versión en lingua galega da enciclopedia. Para poder usala e beneficiarte dela, alguén tivo que programar unha wiki, e logo alguén tivo que compartir coñecementos, imaxes... En realidade, hoxe por hoxe, aínda que se fala da Wikipedia, a Fundación Wikimedia ten desenvolto toda unha serie de espazos asociados que complementan ás diversas wikipedias, como no caso da Galipedia. Así, MetaWiki e MediaWiki, enfocadas á coordinación e desenvolvemento, e fóra do usuario común. Pero tamén Commons e Wikidata, un, o repositorio multimedia do que collen os vídeos e as imaxes a Galipedia e as outras Wikipedia, e a outra, os datos, funcionando como unha auténtica base de datos dispoñible para todo o mundo. Ou Wikispecies, Wikinews, Wikiversity e Wikivoyage, as wikis especializadas no detalles dos seres vivos, nas noticias, en presentar os coñecementos académicos ou en facer de guía turístico a nivel mundial. E, xa máis achegados a nós, tomando os nomes que se lles deu no caso galego, Galizionario, Galilibros, Galifontes e Galicitas. Estes últimos, cada un coa súa versión galega, farían de dicionario, editorial de novos libros, editora en internet de vellos libros cando o permiten os dereitos, e citas en galego. De Commons e Wikidata, podemos obter pantallas con indicacións en galego, pero o que se visualiza é para todas as linguas, e aínda que por verse en diferentes linguas poida parecer o contrario, teñen a mesma información para todas elas. Polo contrario, o grupo de Wikinews e compañía, pode traducirse e ter diferentes versións en cada lingua. Mais o meter datos, imaxes, texto, implica traballo de voluntarios, e dado o número de xente en Galicia, tense desistido na práctica dunha 'versión galega'.



Antonio Gregorio Montes



Contacto

Mastodon	@ribadeando@amarinha.gal
Wikipedia	agremon

Porque si, aínda que dende a súa creación vai para un cuarto de século, a Fundación Wikimedia, que mantén a familia de wikis, ten tamén medrado e recadado fondos de pequenas e grandes doazóns non só para manter os servidores, senón para un equipo técnico que desenvolva o e faga medrar que xa hai, ou un equipo administrativo para xestionar cartos e a propia estrutura da asociación, aínda así, o traballo segue estando baseado en voluntarios e voluntarias.

Ben, falando da Galipedia, glwiki ten contidos ben diferenciados dos da eswiki ou da enwiki, aínda que algúns sexan traducións doutras versións. Así, Vilaselán, Ribadeo, non existe como entrada da enwiki nin de outra wiki a excepción da eswiki, onde é un pálido reflexo reducido da entrada na Galipedia. Claro, se nos imos a unha entrada como Vía Láctea, aparece nas tres versións anteditas, e aínda que non poña o mesmo, si que máis dun redactor en galego pasou ver que poñía na mesma entrada noutras wikipedias, co que pode presentar unha certa semellanza.

Semellanza, dentro da diversidade. Hai 17 anos un estudo amosou que a 'calidade' da enwiki xa era semellante á daquela louvada Enciclopedia Británica, e dende aquela non deixou de mellorar. Pero mesmo daquela a Enciclopedia Espasa non collía a entrada sobre a Batalla de Trafalgar no mesmo senso que a súa competidora inglesa, e hoxe nesa entrada da enwiki pódese atopar unha certa diferenza coa correspondente na eswiki, por moito que dunha se poda saltar directamente á outra por ligazóns na propia Wikipedia. Algo semellante pasa coa entrada Revolución galega de 1846 (glwiki) ou Levantamiento de Solís (eswiki), o que se pode apreciar xa só con fixarse no título.

O mundo da familia Wikimedia é amplo, de xeito que é case imposible abranguelo máis aló da superficie, a menos que te adiques só a iso. A Deus grazas, non é necesario facelo, aínda que estaría ben ter en conta algunhas cousas que soen pasar desapercibidas, como que se pode baixar un artigo ou un conxunto, en pdf, facendo un libro; que se pode ver as versións anteriores dun artigo, e cando e por quen foron variadas; que en xeral se poden obter en commons imaxes de máis calidade que as que aparecen nun artigo da Galipedia ou outra Wikipedia; dispor de xeito estruturado os datos dun persoeiro a través de Wikidata; ou procurar algún que outro libro vello en Galifontes ou manual novo en Galilibros. Entre outras cousas...

Para rematar, tampouco se debería esquecer que a principal norma, guía para a edición, os chamados cinco piares, tentan garantir que esta enciclopedia, a Wikipedia, siga a medrar en cantidade e calidade. Poden resumirse como "Enciclopedia, neutra, libre, consensuada e cambiante". Unha enciclopedia para aglutinar coñecemento común, á que podes contribuír, editar e usar. Wikipedia é túa, é de todos. Úsaa e cóidaa.

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

Un **fanzine** é unha publicación afeccionada, xeralmente realizada de forma colectiva sobre un tema especializado, sen unha periodicidade estable e sen **ánimo de lucro**. Adoita ter como obxectivo dar a coñecer os seus autores e compartir os seus intereses, que poden abranguer temáticas moi variadas, xa sexan centradas nun só aspecto (**música**, **banda deseñada**...) ou cun carácter máis xeral.

O termo foi acuñado no ámbito anglófono durante a primeira metade do **século XX** e é un **acrónimo** do **inglés** *fanatic magazine* ("revista fanática").^[1]

Características

[[editar](#) | [editar a fonte](#)]

Estas publicacións adoitan ser gratuítas, renunciando todas as persoas involucradas na súa creación a percibiren algunha retribución económica. Adoitan ser distribuídas sen custo algún ou ben cargando os custos de envío ou unha cantidade nominal para cubrir custos. Tamén é habitual o intercambio deste tipo de material entre as comunidades de *fans*. Porén, algúns *fanzines* chegaron a profesionalizarse ata certo punto, sendo difícil saber se continúan a encaixar dentro da definición deste termo.

Polos seus contidos máis habituais e relacionados con este medio, así como pola súa linguaxe propia rompedora e experimental, os *fanzines* asócianse normalmente á "**cultura xuvenil**", se ben a amplitude conceptual destes fan que tamén haxa espazo neles para estudos máis "serios", ou mesmo de carácter erudito. Os *fanzines* tamén se acostuman relacionar polo seu carácter marcadamente *underground* cos **movementos contraculturais** dos anos 60 e 70 do século XX en diante (especialmente na **Francia** de 1968).

Os seus contidos abranguen as máis variadas temáticas. Entre elas pódense incluír a banda deseñada, música, **ficción científica**, **política**, **poesía**, **colaxe**, **artes plásticas**, **feminismo**, **vexetarianismo**, **veganismo**, **cinema** ou **videoxogos**.